

ORDENANZA 3.10

TAXA POLA APERTURA E VERIFICACIÓN DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a Taxa pola apertura e verificación de establecementos a que se refire o art. 20. 4 i) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal segundo o previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto.

Artigo 2º. Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais, comerciais ou análogos reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade, e calquera outra esixida pola normativa aplicable.

2.- Entenderase por establecemento industrial, mercantil ou análogo toda edificación habitable, aberta ou non ao público, que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

- a) Se dedique ao exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesán, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ao Imposto sobre Actividades Económicas.
- b) Complemente as actividades anteriores aínda que non se dedique ao seu exercicio, ou teña relación coas mesmas de forma que lle proporcionen beneficios ou aproveitamento, como no caso de delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver, ou, se é o caso, desenvolvida en calquera establecemento industrial, mercantil ou análogo.

Artigo 4º. Responsables

1.- Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Base imponible

Constitúe a base imponible da presente taxa a cota de tarifa do Imposto de Actividades Económicas

Artigo 6º. Cota tributaria

1.- Con carácter xeral, a cota tributaria resultará de aplicar á base imponible (BI) a seguinte fórmula de cálculo:

$$[(BI * 1,25 * \text{COEFICIENTES DE SITUACIÓN SEGUNDO A CATEGORÍA DA RÚA}) + (BI * 0,25)] * 1,3$$

Os coeficientes de situación e a categoría de rúas a aplicar na fórmula anterior son os aprobados no Anexo de categoría das vías Ordenanza Xeral de Xestión Recadación e Inspección dos Tributos e doutros ingresos de Dereito Público do Concello de Santiago de Compostela

1.a.- Para as actividades que tributan por cota mínima municipal no censo de obrigados tributarios o una matrícula do imposto sobre actividades económicas, a cota de tarifa do IAE que constitúe a base imponible da taxa calcularáse pola cota mínima municipal prevista para esa actividade na normativa reguladora.

1.b.- Para as actividades que tributan no imposto sobre actividades económicas por cota provincial ou nacional, a cota de tarifa do IAE que constitúe a base imponible da taxa calcularáse tendo en conta as seguintes regras:

- ❖ Se o epígrafe do Imposto sobre actividades económicas contempla para esa actividade cota mínima municipal, a cota de tarifa calcularáse pola cota mínima municipal prevista para esa actividade segundo a normativa reguladora.
- ❖ Se o epígrafe do Imposto sobre actividades económicas non contempla para esa actividade cota mínima municipal, a cota de tarifa calcularáse por local afecto indirectamente á actividade principal.

2- Cando nun establecemento se exerzan varias actividades, liquidarase a cota íntegra que corresponda a actividade que resulta mais alta e, ademais, o 30 por cento das restantes.

3.- Nos casos de traspaso, cesión ou transmisión da titularidade das actividades que se desenrolen nos establecementos, aplicaranse os seguintes coeficientes correctores, condicionados sempre a que no se produza un cambio ou ampliación das actividades desenroladas no local xa que, neste caso, esixiríase a cuota íntegra.

* Transmisión "mortis causa" a favor de herdeiros forzosos, corrector de 0,10. Para ter dereito a esta redución, o petionario deberá acreditar o falecemento e a transmisión, o pago do Imposto de Sucensións e a existencia de licenza previa a nome do causante.

* Transmisión "inter vivos" a favor de herdeiros forzosos, corrector do 0,30. Para obter a redución o petionario deberá xustificar o feito da transmisión e o pago do imposto que corresponda, a súa condición de herdeiro forzoso do transmitinte e a existencia da licenza a nome de éste.

* As transmisións e traspasos de calquera índole, tanto "inter vivos" como "mortis causa", salvo os supostos anteriormente enunciados, así como as operacións de fusión de empresas aplicarán o coeficiente 0,5 da cuota que resulte.

* O mero cambio de denominación social que non supoña ningunha outra alteración na personalidade xurídica da sociedade titular da licenza nin na actividade que a mesma desenrola; pero que obrigue o cambio de nome nos rexistros municipais, determinará a aplicación a cuota que resulte, dun coeficiente corrector do 0,10.

Para ter dereito a aplicación deste coeficientes, o petionario deberá acreditar fehacientemente o feito da transmisión mediante a presentación da escritura da liquidación do imposto correspondente, así como a licenza de apertura anterior a nome do transmitinte. A petición da aplicación das reducións deberá formularse o tempo de solicitar a correspondente licenza ou na data de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

4.- Nos establecementos destinados a actividades non suxeitas do IAE , a cota tributaria será de 120,20 €

5.- En todo caso, e con carácter mínimo, esixirase unha cota de 90,15 €

Artigo 7º. Exencións e bonificacións

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de Tratados internacionais.

Artigo 8º. Devengo

1.- A taxa se devenga e nace a obrigaçión de contribuír ao se iniciar a actividade municipal que constitúe o feito impoñible. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da solicitude de licenza de apertura, ou na data de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable cando se trate de actividades non suxeitas á autorización ou control previo.

2.- De se desenvolver a actividade sen licenza previa o sen a presentación de comunicación previa ou declaración responsable, a taxa devengarase ao se iniciar a actividade municipal para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do procedemento administrativo que se instrúa para autorizar a actividade ou resolver o peche do local.

Artigo 9º. Normas de xestión

1.- As persoas interesadas no desenvolvemento de actividades nun establecemento industrial, comercial ou análogo deberán presentar no Concello a solicitude de licenza, a comunicación previa ou a declaración responsable nos impresos habilitados ao efecto pola administración municipal, especificando a actividade ou actividades que pretenda desenvolver no local e abonando a autoliquidación pertinente nas entidades bancarias debidamente acreditadas, o que se deberá acreditar no intre de presenta-la solicitude.

2.- Se despois de efectuada a solicitude de licenza de apertura, ou presentada a comunicación previa ou a declaración responsable se varía ou amplía a actividade do local, se alteran as condicións proxectadas ou se amplía o local, estas modificacións deberán comunicarse á administración municipal, coas mesmas características do número anterior.

3.- Se no proceso de comprobación que realicen os servizos técnicos se detecta que a actividade que se pretende desenvolver non corresponde coa solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, o interesado, de ser o caso, practicará a liquidación complementaria que proceda.

4.- Unha vez concedida a licenza de apertura ou cursada a visita de inspección ao local no que quede comprobado o cumprimento da normativa esixible practicarase a liquidación definitiva da taxa que proceda.

Artigo 10º. Infraccións e sancions

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto no artigo 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil doce. Contra o acordo inicial non se presentaron reclamacións, polo que se entende elevado automáticamente a definitivo. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil trece, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.